



INSTRUCCIÓN PARA FACER A SOLICITUDE DO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS DE MATERIAL ESCOLAR para o curso 2022/2023:

1. As axudas están dirixidas ao alumnado de ESO.

2. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación (**Prazo: ata o 22 de xuño**):

- a) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. **Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2020, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:**

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- b) Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia, no caso de non autorizar a consulta telemática
- c) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- d) A incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

3. **Non se tramitará ningunha axuda cuxa solicitude non esté totalmente cuberta. Compre especial atención a que figuren tódalas sinaturas dos membros maiores de idade da unidade familiar.**

4. **Non se solicitan libros nin axudas para a compra de libros. O IES Pedra da Auga ten o sistema E-DIXGAL, polo que únicamente poden obterse axudas para material escolar.**

5. **Non se conceden axudas ás familias con rendas per cápita superior aos 10000 €.**

6. **Cada familia presentará unha única solicitude para tódolos membros da unidade familiar a escolarizar no IES PEDRA DA AUGA no vindeiro curso escolar 2022/2023.**

=====

A familia do/a alumno/a _____ de _____ da ESO recibiu esta información.

(sinatura do pai, nai ou titor)

(O/A alumno/a devolverá no instituto este faldón recortado e asinado).